


Práctica 5: Análise da composición

Obxectivos:

- Desenvolver destrezas no uso de material de laboratorio e o manexo de ácidos.
- Desenvolver a capacidade de observación de reaccións químicas.
- Determinar a presenza de materia orgánica e/ou carbonato cálcico no solo.

Material:

- Vasos de precipitados
- Vidros de reloxo ou placas petri
- Espátulas
- Auga osixenada
- Ácido clorhídrico ao 20%



Desenvolvemento:

1. Observamos e anotamos a presenza de pequenas **raíces**.
2. Poñemos a mostra de solo nun vaso de precipitados e engadímoslle **auga osixenada**, se saen burbullas, iso indica a presenza de materia orgánica. Nos solos moi orgánicos cómpre engadir pouco a pouco a auga osixenada xa que a reacción pode ser bastante violenta e formar abundante escuma que podería sobordar no vaso.
3. Anotamos para a mostra o grao de presenza de **materia orgánica**:
 - a. Ningunha: se non hai efervescencia.
 - b. Lixeira: se a efervescencia é leve.
 - c. Forte: se a efervescencia é moi significativa.
4. Poñemos outra mostra de solo sobre un vidro de reloxo.
5. Engadimos unhas gotas de **ácido clorhídrico** ao 20%, se se produce efervescencia indica a presenza de carbonatos.
6. Anotamos para a mostra o grao de presenza de **carbonatos**:

- Ningunha: se non hai efervescencia.
- Lixeira: se a efervescencia é leve.
- Forte: se a efervescencia é moi significativa.

ID da mostra	Presenza de raíces	Grao de presenza de materia orgánica	Grao de presenza de carbonatos

Síguenos en:



@cienciaocruce



@cienciaocruce



<https://cienciaocruce.wordpress.com/>